

## Igrexa parroquial de San Xoán

060064

### Datos de Localización

Igrexa

<b>Nomenclator:</b>	3207803
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 61249503 <b>Y:</b> 466384088
<b>Concello:</b>	Sarreaus
<b>Parroquia:</b>	CORTEGADA
<b>Lugar:</b>	Cortegada
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Religiosa
<b>Tipo:</b>	Igrexas
<b>Subtipo:</b>	Igrexa



**Denominación:** Igrexa parroquial de San Xoán

**Etaqa Histórica:** Plena Idade Media

**Estilo relevante** Románico

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Edificio de planta rectangular, con muros de perpiaño e presbiterio destacado en altura. Na fachada principal portada de arco de medio punto con arquivoltas de boceles apeando en impostas e columnas acodilladas nas xambas, co tímpano liso sobre mochetas. Sobre ela ventá de medio punto con columniñas e arquivoltas sobre o arco. Espadana de dous corpos: o inferior de dous arcos con pequenos aletóns e frontón semicircular con remates de cruz de pedra. Nos ángulos, pirámides de bolas. No testeiro, ventá de arco de medio punto con banda decorada con bolas e toro no intradous que apea en impostas onduladas sobre dúas columniñas con capiteis.

Nos libros de contas de fábrica da parroquia, figura un descargo que se lle pagou ao canteiro por "*deshaçer y levantar la puerta de la sacristia que er muy baxa*" (Libro 45-7-5, folio 16).

Na visita do ano 1665, mándase que se "*compongan y allanen el suelo de la iglesia*" e que se faga un cobertizo ou tellado que cubra unha entrada que se ordeou se fixese dende o coro para tocar as campás, quitando a escaleira que estaba por fóra (Libro 45-7-5, folios 25 voltos e 26). No ano 1677 tapiouse de pedra unha vella porta que se atopaba na parte do púlpito (Libro 45-7-5, folio 48 voltos).

En 1718-1719 consta un descargo de 300 reais que se invertiron en levantar e reedificar o arco da igrexa (Libro 45-7-6, 39 voltos).

Entre 1792-1803, rematouse o adro da igrexa e o calvario, feito polo canteiro Moreiras, concertado en 5100 reais (Libro 35-7-6, 105 voltos).

O canteiro que traballou na sacristía e no coro da igrexa foi Francisco Cabaleyro a quen se lle pagaron 739 reais (Libro 45-7-6, ano 1699-1700, folio 21). A obra estaba concertada en 500 reais e comprendía o campanario, levantar a sacristía, caleala e rebocala, xunto co coro da igrexa. En 1828 pediuse unha licencia para facer un campanario ou espadana novo, que fixo o mestre Baltasar Rodríguez, debido a que o antigo tivo que demolerse por ameazar ruína (Libro 45-7-6, carta pedindo autorización).

Segundo un veciño sufriu un incendio en 1918, no que desapareceron os tres retablos barrocos que tiñan. Das imaxes que se conservan, destaca un San Pedro, as restantes son de arte popular. No inventario do ano 1684 descríbese o retablo do altar maior: "[.. ..] *tiene tres cajas y en ellas el San Juan Bautista y otra imagen de la Virgen con su niño en los brazos y la imagen del apostol San Pedro y de media talla en el pedestal dos ymagenes del Sr*

*San Pablo y del Sr Santiago en el altar colateral está la ymagen de la Virgen del Rosario con su niño en los brazos esta ymagen es grande de bulto y esta sobre el altar sin retablo [... ..] sino una cubierta grande de madera sobre la cabeza de dicha ymagen, sobre este altar ay arrimada una ymagen vieja del bautista san Juan mas pequeña que la imagen del dicho Santo questa en el altar mayor. Tamén se describe o altar colateral: "el otro altar colateral esta de la mesma manera con solo la ymagen del sr San Sebastian [... ..] como y de la manera que el del Rosario" (Libro 45-7-5, folio 59). No inventario do ano 1733 describese o novo Altar Maior: "El retablo mayor que llena toda la frontera de la Capilla mayor con las ymagenes de San Raymundo non Nato, san cayetano y cinco Angeles en la Custodia. Mas ay en dicho Retablo las Ymagenes del Retablo viejo que son san juan en el nicho de encima de la Custodia. San Pedro en el nicho junto a la Custodia del lado de la Epistola y la degollacion d san juan junto a la Custodia en el nicho de la parte del Evangelio".*

Fíxéronse os altares colaterales de San sebastián e a Virxe en 1687 (Libro 45-7-6, folio 6).

#### **BIBLIOGRAFÍA:**

- JUANA de, J. , *A Alta Limia. (A Terra que medrou vencellada a unha lagoa)* . Ir Indo, Vigo, 1993, pp. 102-103.
- FERNÁNDEZ OTERO, J. C., *Apuntes para el inventario del mobiliaio litúrgico de la diocesis de Orense..* Fundación Barrié de la Maza. Pontevedra, 1983, p. 255

#### **DOCUMENTACIÓN:**

- A.H.D.OU.  
Libro de contas de fábrica 45-7-5.  
Libro de Primicias 45-7-6.

### **Características Construtivas**

- Plantas:** Baixa
- Edif. Anexas:**
- Mat. Fachada:** Granito
- Mat. Estrutura:** Granito e madeira
- Mat. Cuberta:** Tella

#### **Elementos singulare**

#### **Construtivos:**

#### **Decorativos:**

### **Delimitación do Ben e da contorna**

- Situación:** Outros
- Area de Protección:** 100 m.

### **Protección**

- Tipo de ben:** Inventariado
- Proposta de tipo de ben:**
- Estado de Tramitación:** Declarado
- Nivel de Protección Arq.:** Integral
- Proposta Nivel de Protección Arq.**
- Grao de Protección Arq.:** -----
- Proposta Grao de Protección Arq.** -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---

























